

## **PLAN DE MELLORAS BIANUAL: CURSOS 2018-19 E 2019-20**

---

---



**15 de marzo de 2019**

## **Autores**



### **VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN E PROYECCIÓN ESTRATÉGICA**

Casa da Balconada. Rúa Nova, 6.

15782 Santiago de Compostela

Tel: 881 811301

Correo electrónico: [vr.planificacion@usc.es](mailto:vr.planificacion@usc.es)

**ÍNDICE**

1. LIMIAR	2
2. REVISIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA PROGRAMADAS NO 2017-2018	3
3. PLAN DE MELLORAS 2018-2019 POLOS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DEFINIDOS NO PLAN ESTRATÉXICO DA USC	7
3.1. Ámbito de Xestión Institucional	7
3.2. Ámbito de relación co contorno	9
3.3. Ámbito das persoas	10
3.4. Ámbito da actividade universitaria	10

## 1. LIMIAR

O 13 de decembro de 2017 o Consello de Goberno aprobou o Plan de Melloras 2017-2018 da USC, que foi obxecto dun seguimento por parte da Comisión de Calidade e Planificación, delegada do propio Consello de Goberno, o día 6 de abril de 2018 e o 21 de setembro de 2018.

Por outra banda, o Claustro Universitario, en sesión plenaria celebrada o día 29 de novembro de 2018, aprobou as liñas xerais da programación plurianual, que conteñen as orientacións para o desenvolvemento da Xestión universitaria nos vindeiros catro anos. Entre elas, e aos efectos da formulación deste plan, cómpre destacar a liña que se titula TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE, e que ten por obxectivos :

- (1) poñer a mellora do proceso docente no centro da xestión da calidade, alixeirando a carga administrativa e simplificando a xestión dos procedementos
- (2) facer que os sistemas de xestión de calidade fornezan información cada vez máis valiosa e pertinente para a toma de decisión
- (3) poñer a información derivada da xestión da calidade ao servizo da transparencia e do compromiso ético da universidade
- (4) reforzar os aspectos relacionados co desenvolvemento social e a empregabilidade dos egresados”.

Tendo en conta estes condicionantes, e considerando que o marco da programación plurianual que se está a elaborar ofrece a posibilidade de incorporar a el accións que sobardan o ámbito concreto dun Plan de Melloras, ao proxectarse sobre políticas e requirimentos globais, a formulación deste Plan de Melloras da USC fai unha focalización das accións mediante a integración daquelas do plan anterior aínda non totalmente executadas circunscritas ao eido da calidade, e programa as novas que xorden do novo marco plurianual que se marcou a institución.

Por proposta da Comisión de Calidade, delegada do Consello de Goberno, o plan se formula para dous cursos académicos, o que facilita que os centros dispoñan, no momento de comezar a revisión anual, das accións que a institución vai realizar no período e cun ciclo de execución e verificación máis realista que se se circunscribe a planificación a un só curso académico. Así, este Plan ten un horizonte temporal que abarca os cursos 2018-2019 e 2019-2020.

Para facilitar o seguimento e comparabilidade entre sucesivos plans, as accións de Mellora preséntanse, como se fixo en anos anteriores, distribuídas de acordo cos ámbitos de actuación definidos no Plan Estratéxico da USC, con vixencia ata 2020, a saber: Xestión Institucional, Relación co Contorno, Persoas e Actividade Universitaria.

## 2. REVISIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA PROGRAMADAS NO 2017-2018

Das 12 accións previstas no Plan de Melloras 2017-2018, abordáronse de forma satisfactoria as 4 seguintes:

**AM-02. Obter valores/resultados globais dos indicadores de títulos interuniversitarios a través do SIIU e remitir a información aos programas correspondentes.**

Esta acción executouse e manterase o mesmo procedemento no futuro. Non obstante, tal medio non debe evitar procurar melloras nos mecanismos de Xestión dos títulos interuniversitarios, que se concretarán na acción 1 do novo plan, toda vez que a información do SIIU ten un decalaxe dun ano respecto ás necesidades de información dos procesos de seguimento/acreditación.

**AM-03. Realizar obradoiros/charlas sobre a importancia dos SGC**

Esta acción concretouse na realización pola área de calidade de obradoiros cos responsables de calidade dos centros que en 2018 se presentaron ao proceso de certificación de implantación do sistema de garantía de calidade de cara á obtención da acreditación institucional (Facultades de Ciencias da Comunicación, de Ciencias Económicas e Empresariais, de Administración e Dirección de Empresas e de Formación do Profesorado).

**AM-06. Revisar o panel de enquisas que se están a realizar**

Esta acción acometeuse mediante o acordo da Comisión de calidade e planificación delegada do Consello de Goberno, na súa sesión do 21 de setembro de 2018 tanto no que atinxiu á reformulación dos cuestionarios como aos criterios de avaliación e certificación nas enquisas do PDI.

En concreto, aprobáronse os seguintes cuestionarios:

- CUESTIONARIOS PARA O ALUMNADO
- CUESTIONARIOS PARA OS EGRESADOS
- CUESTIONARIOS PARA O PROFESORADO
- CUESTIONARIO PARA O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS
- CUESTIONARIOS OS MENTORES DAS EMPRESAS

E os criterios de avaliación e certificación adoptados son os seguintes: o PDI será avaliado naquelas materias que imparta un mínimo de 15 horas o un 25% do total de horas da materia.

Aplicar un criterio regresivo de tal xeito que naquelas materias con menor volume de alumnos/as matriculados/as existe unha maior esixencia.

Porcentaxe requirido	Intervalos	
	Número de alumnos e enquisas necesarias	
100%	2(2)	5(5)
50%	6(5)	20(10)
40%	21(10)	40(16)
30%	41(16)	60(18)
20%	61 ou máis (18)	

*En cada intervalo o número mínimo será igual ao mínimo máis elevado do intervalo anterior. Por exemplo, se para 20 alumnos/as se esixen 10 enquisas, para 21 alumnos/as esixíranse tamén a mesma cifra a pesar de que o 40% serían 8,4. Unha vez se supere o valor requirido no valor anterior aplicarase a porcentaxe correspondente (por exemplo, para 27 alumnos aplicaríase o 40% = 11 enquisas)*

#### **AM-07. Mellorar a información pública dos títulos nas páxinas web.**

Esta acción executouse de forma xeral e estandarizada para todos os títulos.

As 2 accións seguintes executáronse pero, ben por estar incorporadas a unha dinámica propia, con obxectivos e programacións específicas, caso da AM-10, ben por requirir actuacións institucionais máis amplas para acadar resultados efectivos, caso da AM-08, considérase aconsellable que a USC as impulse neste novo período fóra do ámbito específico do Plan de Melloras, relacionándoas con instrumentos de programación e planificación máis globais.

#### **AM-08. Executar plans de captación para títulos con demanda reducida**

#### **AM-10. Aumentar as actividades do PFID destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual**

O Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) destinado ao PDI para a adquisición e mellora das competencias docentes, investigadoras e de xestión, durante o ano 2018 desenvolveu 78 accións de formación, cun total de 1268 persoas matriculadas. As temáticas destas accións foron as seguintes:

Temática	Nº de accións
Tecnoloxías da Información e a Comunicación aplicadas á docencia	35
Estratexias de ensino-aprendizaxe e avaliación	8
Investigación	23
Desenvolvemento profesional (PRL, linguas, protección de datos, propiedade intelectual, perspectiva de xénero na docencia, etc.)	12

Ademais, dende o PFID xestionouse o recoñecemento de 28 actividades de formación, realizadas a iniciativa dos centros, departamentos ou grupos de innovación docente, con unha participación de 544 docentes.

I Convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia. Convocada durante o curso 2017-2018. O obxectivo xeral é que o profesorado amplíe a súa formación no uso de ferramentas TIC na docencia coa finalidade de favorecer o desenvolvemento das titulacións de carácter semipresencial e en liña, apoiar as actividades docentes de carácter presencial e contribuír á difusión do coñecemento. Os eixos de acción son os seguintes:

Creación de cursos en liña abertos e masivos (MOOC).

- Creación de materiais audiovisuais en formato “pílulas de coñecemento”.
- Desenvolvemento de iniciativas de innovación docente a través do Campus Virtual.

Número de proxectos presentados: 28.

Número de proxectos concedidos: 20.

#### Campus virtual da USC

O Campus Virtual é a ferramenta que da soporte aos procesos de ensinanza-aprendizaxe desenvolvidos na Universidade de Santiago de Compostela. No curso 2018-2019, todas as materias en POD dispoñían dunha aula virtual asociada. Ademais créanse a demanda aulas para dar soporte ás accións de formación continua, posgrao propio, actividades de coordinación docente, etc.

Número de aulas na plataforma: 5.208

- Grao e Posgrao oficial: 4.354
- Posgrao propio: 9
- Formación continua: 0
- IV Ciclo: 74
- PFID: 11
- BUSC: 54
- Coordinación: 702
- Outros: 4

Número de usuarios na plataforma: 37676<sup>1</sup>

- Estudantes en Grao e Posgrao oficial: 23.150
- Estudantes en Posgrao propio: 188
- Estudantes en IV Ciclo: 394
- Estudantes en PFID: 173
- Estudantes en BUSC: 2.611
- Docentes en Grao e Posgrao oficial: 2.825
- Docentes en Posgrao propio: 114

<sup>1</sup> Datos sobre o Campus Virtual a 15/02/2019. Non todas as aulas que se crean de xeito automático están sendo usadas nin todos os usuarios empregan a plataforma. Amósanse os totais de usuarios por categoría, existen usuarios con docencia en varias categorías.

- Docentes en IV Ciclo: 66
- Docentes en PFID: 7
- Docentes en BUSC: 39

Rexistro de grupos de innovación. Número de grupos rexistrados na actualidade: 83

No período comprendido polo Plan de Melloras, non se acometeu a acción seguinte, condicionada pola inminente modificación da aplicación e a prioridade para outras actuacións non asociadas coa ferramenta informática.

**AM-04. Formar a PDI e PAS no uso da aplicación AASX**, non se abordou e, ademais, considérase aconsellable adiala para o curso 2019-2020 toda vez que vai haber melloras na aplicación derivadas da Acción de Mellora 4 do Plan proposto, á que se incorpora nesa anualidade.

Por último, considérase pertinente que as **restantes cinco accións** (AM-01 Xestión de títulos interuniversitarios; AM-05 Fomentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e a retroalimentación dos resultados das mesmas; AM-09 Coordinación de redes sociais; AM-11 Mellorar os sistemas de acollida do novo alumnado; AM-12 Elaboración dun modelo de guía docente ou programa) se manteñan e no novo Plan de Melloras dada a súa pertinencia.

#### RESUMO DE EXECUCIÓN DO PLAN DE MELLORAS 2017-2018

Accións executadas de forma satisfactoria	4
Accións executadas sen resultados plenamente satisfactorios	2
Accións non executadas	1
Accións executadas parcialmente e mantidas no Plan 2018-2019	5



### 3. PLAN DE MELLORAS 2018-2019 POLOS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DEFINIDOS NO PLAN ESTRATÉXICO DA USC

#### 3.1. Ámbito de Xestión Institucional

Os obxectivos que se considera necesario acadar son:

##### **AM-01. Mellorar a Xestión de títulos interuniversitarios**

A acción defínese como Impulsar un protocolo de funcionamento para títulos interuniversitarios que harmonice os procesos de admisión e matrícula, a Xestión académica e administrativa, as transmisións de datos a nivel informático e a prestación de Servizos.

O obxectivo é que os convenios interuniversitarios incorporen un protocolo de funcionamento que regule aspectos común para facilitar a Xestión e a calidade do título, tanto para alumnado como para o profesorado.

##### **AM-02. Crear o repositorio de boas prácticas**

Para fomentar a cultura da calidade e estimular as iniciativas que desenvolven os centros neste eido, creárase un repositorio de boas prácticas, accesible na web da Área de Calidade e Mellora de Procedementos, que se nutrirá anualmente coas prácticas que resulten premiadas a raíz dunha convocatoria aberta aos centros a realizar no mes de Xuño e que se resolverá no mes de Xullo. As iniciativas seleccionadas serán 5, unha por cada gran área de coñecemento no que se integran os centros, e suporá o incremento da contía a recibir polo centro distinguido nos fondos orzamentarios que perciba, financiados pola Vicerreitoría de Planificación e Proxección estratéxica.

A presentación pública das iniciativas distinguidas realizarase nunha xornada anual adicada á calidade.

##### **AM-03. Analizar os indicadores do sistema de cara á súa redución**

No contexto da xornada anual sinalada na acción de mellora anterior, desenvolverase cada ano un seminario coa participación dos responsables de calidade dos centros e o persoal técnico da Área de Calidade e Mellora de Procedementos para analizar melloras dos SGC dirixidas á súa simplificación. No ano 2019 ese seminario abordará de forma específica a simplificación do panel de indicadores actualmente requiridos polo sistema.

##### **AM-04. Mellorar a aplicación AASX**

Dentro dos proxectos de desenvolvemento que asumirá a Vicerreitoría abordarase a mellora da Aplicación de Calidade a que se destinará un máximo de 40.000 €.

As melloras previstas distribúense do seguinte xeito:

- *Melloras na usabilidade da aplicación (23 modificacións)*
  - Eliminar o control de datas de finalización das accións de mellora
  - Cambiar o estado das accións de mellora
  - Asignar a persoa/órgano de seguimento responsable da tarefa
  - Revisar as listaxes da aplicación para que mostren textos significativos

- Buscar actas de órganos de seguimento procurando unha lista de palabras contidas no corpo da acta
  - Opción Xustificou a non asistencia
  - Engadir a acta da sesión anterior na orde do día
  - Asinar electronicamente a acta da reunión do órgano de seguimento
  - Correo electrónico persoal dos membros dos órganos de seguimento
  - Alta do presidente e secretario dun órgano de seguimento
  - Indicar con '-' o valor dos indicadores que non teñen resultado
  - Eliminar o segundo operando nos indicadores dun só operando
  - Corrección da mensaxe de erro cando se ordena o cálculo dun indicador
  - Corrección do erro cando gardamos festivos nunha nova axenda
  - Subir as accións de mellora dos sistemas fillo aos sistemas pai
  - Revisar as mensaxes de correo electrónico relacionadas cos órganos de seguimento e accións de mellora
  - Valor do tipo de convocatoria dunha reunión dun órgano de seguimento
  - Edición dos puntos da orde do día dunha reunión do órgano de seguimento
  - Definir centralizadamente avisos na axenda
  - Definición e edición de avisos en sistemas particulares
  - Envío de correo electrónico para avisos con ese efecto
  - Xestión de estados das reunións
  - Revisión do formato da acta
- *Adaptacións para os sistemas de garantía de calidade (11 modificacións)*

A introdución dos Sistemas de Garantía de Calidade require a modificación das estruturas de datos, interface da aplicación e informes para que se poda mostrar a información dos sistemas correspondentes aos títulos dun centro no sistema de garantía do propio centro. Nas seguintes características enuméranse os cambios na interface e estruturas de datos necesarios para mostrar a información deste xeito na interface da aplicación. As modificacións necesarias nos informes integraranse nos traballos de revisión dos informes que se indican no apartado Informes

    - Reunións previstas no Ciclo de mellora (axenda)
    - Apartado calendarios do Ciclo de mellora (axenda)
    - Apartado obxectivos do Ciclo de mellora (axenda)
    - Apartado financiamento do Ciclo de mellora (axenda)
    - Apartado tarefas pendentes do Ciclo de mellora (axenda)
    - Apartado indicadores do Ciclo de mellora (axenda)
    - Apartado accións de mellora do Ciclo de mellora (axenda)
    - Apartado xeral de Configuración do sistema de xestión
    - Apartado usuarios de Configuración do sistema de xestión
    - Apartado axenda de Configuración do sistema de xestión
    - Apartado órganos de seguimento de Configuración do sistema de xestión
  - *Informes (6 modificacións)*

Revisaranse os informes de seguimento, accións de mellora e indicadores, a nivel de título e de centro, para todos os tipos de títulos. Xeraranse estes informes na propia aplicación AASX, eliminando a necesidade de usar un programa diferente.

O resultado da xeración dos informes será un ficheiro para editar en Microsoft Word e Microsoft Excel, segundo o caso.

- Ampliación dos datos do sistema para incluír no informe
- Definición dos datos básicos do informe
- Definición de apartados que se poden incluír no informe
- Definición de parámetros nos indicadores para a súa inclusión nos informes
- Apartados incluídos no informe en cada ano académico
- Creación dun informe particular

Esta acción, que se culminará no ano 2019, implicará no primeiro semestre do 2020 desenvolver accións de formación do PAS e do PDI no uso da aplicación.

#### **AM-05. Facilitar información ao Consello de Goberno e ao Consello Social.**

En 2019 establecerase un informe, a presentar cada mes de decembro ao Consello de Goberno e ao Consello Social, sobre os resultados docentes e a evolución dos indicadores de calidade derivados dos Sistemas de Garantía de Calidade da docencia e a xestión, calculados en valores agregados da USC, por Grandes Áreas e por Centro.

O informe incluírá tamén os datos de participación dos distintos grupos de interese nas enquisas de satisfacción propias do sistema.

#### **AM-06. Fomentar a participación nas enquisas incluídas no SGC.**

Esta acción de mellora desdóbrase en **dúas tarefas**:

- Desenvolver e implantar unha **aplicación para móbil** que facilite a cumplimentación dos formularios de enquisas ás persoas pertencentes aos distintos grupos de interese.
- Mellorar a estrutura da información dispoñible na aplicación XESCAMPUS de forma que se facilite a xestión automatizada dos formularios de enquisas para vencellar aos seus efectos a información de alumnado, grupo e profesorado.

### **3.2. Ámbito de relación co contorno**

Neste apartado, as accións que se propoñen para o curso 2018-2019 son as seguintes:

#### **AM-07. Observatorio de empregabilidade**

Crear un órgano estable, con presenza de persoal académico e administrativo, para analizar a aportación de valor da universidade á sociedade e aos seus grupos de interese no ámbito do emprego, a empregabilidade e o mercado de traballo.

Este observatorio constituirase no mes de setembro de 2019.

#### **AM-08. Coordinación de redes sociais**

Esta acción, xa definida no Plan de Melloras 2017-2018, consiste en elaborar un protocolo de actuación para perfís de redes sociais asociados a centros, servizos, departamentos ou grupos vinculados coa USC de forma que se desenvolvan de acordo con parámetros institucionais coherentes e coordinados co obxecto de mellorar a difusión e información á sociedade da actividade da USC.

### 3.3. Ámbito das Persoas

As accións que se propoñen neste ámbito son as seguintes:

#### *Persoal Docente e Investigador*

#### **AM-09. Distinguir de forma anual aos docentes destacados polas enquisas de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida.**

Como forma de recoñecemento público ao bo desempeño docente e como acción para contribuír á participación dos grupos de interese nas enquisas a través da visibilidade da súa utilidade, establecerase unha distinción anual aos 25 docentes (5 por cada gran área de coñecemento) máis destacados polas enquisas de satisfacción docente do estudiantado coa docencia recibida.

A distinción será outorgada en base aos criterios que, propostos pola Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica, aprrobe a Comisión de Calidade, delegada do Consello de Goberno. A determinación do persoal distinguido concretarase no mes de outubro de cada ano.

#### *Alumnado*

#### **AM-10. Mellorar os sistemas de acollida de novo alumnado**

Esta acción, xa contida no Plan de Melloras 2017-2018, pretende seguir ampliando os centros que incorporen accións para que o alumnado de novo ingreso coñeza aspectos da vida diaria da universidade, como a existencia dun procedemento de suxestións e queixas, ou a disposición de información e servizos, e asegurar que estes contidos formen parte da formación que reciben os alumnos titores.

### 3.4 Ámbito da actividade universitaria

#### *Resultados da aprendizaxe*

#### **AM-11. Elaborar un modelo de guía docente ou programa.**

Esta acción, tamén incorporada xa no Plan de Melloras 2017-2018, ten por obxectivo mellorar a información que ten o alumnado sobre as competencias que debe adquirir e o seu sistema de avaliación de forma que a USC proporcione un estándar respecto a estas cuestións mediante un modelo de guía docente ou programa.

Respecto a esta acción, no curso pasado revisouse a información que figura na web na maioría dos programas, fixando unha orde de contidos que os unifique e que, inicialmente, serían os seguintes:

- Cabeceira coa información da materia.
- Obxectivos.
- Contidos mínimos
- Linguas de impartición
- Metodoloxía da ensinanza
- Bibliografía básica e complementaria
- Sistema de avaliación da aprendizaxe:
  - Avaliación continua
  - 2ª oportunidade

- Dispensa de asistencia a clase
- Avaliación final
- Calendario de actividades co tempo de estudo e traballo para superar a materia
- Outras observacións

Varios destes epígrafes requiren un desenvolvemento maior (especialmente os relativos ás competencias a adquirir, e a metodoloxía e o sistema de avaliación) para que a información que se proporcione ao alumnado sexa o máis completa posible.

Definido o formulario, deberá ser aprobado polo Consello de Goberno e incorporado á aplicación Xescampus. O obxectivo é que ese proceso remate para que o novo formulario poda utilizarse na programación de materias do curso 2020-2021.